

Palabras do Alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, para o acto de conmemoración dos vinte anos da declaración de Camiño de Santiago como primeiro itinerario cultural europeo e de presentación da nova Declaración dos Itinerarios Culturais Europeos.

Martes, 23 de outubro de 2007

12,30 horas

Bo día.

QUERIDOS AMIGOS e AMIGAS,

O Camiño de Santiago é unha das rutas sagradas máis antigas do mundo, tanto para crentes como para profanos. Unha ruta aberta pola humanidade no seu conxunto desde o principio dos tempos. Unha ruta que desde a Idade Media deu sentido á Europa que agora estamos construíndo entre todos.

Partindo dos confíns máis orientais de Europa e, mesmo, das fronteiras que anuncian os imperios do sol nacente, por medio das lendarias rutas da seda e as especias, os nosos antepasados remotos decidiron seguir o camiño que lles marcaban o sol, a lúa e as estrelas para chegar ao Finis Terrae cuxo punto culminante é a nosa cidade.

Este camiño ten sido percorrido por homes, mulleres, relixións, crenzas, culturas, artes... E todos eles deixaron o seu poso e a súa pegada nel. Pero ao mesmo tempo o Camiño tamén deixou a súa impronta en todos os camiñantes. As miradas dos peregrinos retornaron aos seus orixes cheas das luces da ruta xacobea, dos cores e sabores das paisaxes, da riqueza das arquitecturas dos pobos e as cidades.

As testemuñas dos peregrinos falan de experiencias únicas, de ver cousas e xentes que non esperaban, falan de quedar marcados para sempre, de que a medida que pasa o tempo as lembranzas da peregrinación enchen unha boa parte das súas vidas e das conversacións cos seus amigos e amigas. E todo porque o Camiño de Santiago é unha ruta de superación, superación de nós mesmos.

Durante a ruta, o camiño marcado na terra convértese tras cada paso nun sendeiro interior que se vai abrindo paso entre valores como a concordia, a aceptación, a multiculturalidade, a tolerancia, o desenvolvemento, o beneficio mutuo, o coñecemento, a empatía e o humanismo. En resumo, o Camiño é un espazo para o entendemento entre as culturas, unha oportunidade para acercar mundos distantes a través do acto máis primitivo do home: camiñar.

Se Compostela é hoxe unha cidade ecléctica e culturalmente diversa, é precisamente porque foi capaz de absorber as diferentes influencias que chegaron polos camiños e de transformar esa multiculturalidade en riqueza, en patrimonio e identidade propia. Somos unha cidade global e única a un mesmo tempo, unha meta para millóns de persoas, chegadas por camiños entrelazados ao longo da historia.

Certamente, Santiago de Compostela é a síntese admirable dun alento universal, que provén dos camiños da peregrinación máis transcendental de Europa, onde se forxou a conciencia europea, e que permaneceu aberta ao mundo, máis alá dos lindes trazados polas conxunturas políticas de cada momento.

Na historia común de Europa conviven, por suposto, encontros e desencontros. Mais incluso nas épocas confusas, o Camiño alzouse sobre as dificultades. Ningunha fronteira, física ou xeográfica entorpeceu o tránsito nin alterou a cordialidade e a fraternidade dos nosos pobos, e nunca a solidariedade lle foi negada a quen emprendía o Camiño.

Como alcalde da cidade, hoxe teño o pracer de darlles a benvida en nome do Concello e a súa Corporación a todos os peregrinos que cada día se achegan a Compostela dende calquera confín. Aquí poderán seguir camiñando e facendo rutas para descubrir como é Compostela por dentro. Verán que é unha cidade hospitalaria, chea de xente amable, onde todas as linguas do mundo se cruzan e se entenden. Unha cidade de arte para admirar e aprender. Benvidos todos.

Moitas grazas.